

Organiza:




Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
secretaria@sgapeio.es

Colaboran:



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA




I CONCURSO AVATAR

GALICIA

(2026)

Para alumnado de ESO, FP básica, Bacharelato e Ciclos Formativos



INCUBADORA DE SONDAXES E EXPERIMENTOS

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) convoca o primeiro concurso Avatar Galicia para proxectos de Estatística e Investigación de Operacións realizados por estudantes de ESO, Bacharelato, FP Básica e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.– Participantes

Poden participar estudantes (matriculados no curso 2025-2026) de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 5 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar polo menos cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado.

Distínguense tres categorías: 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e FP básica e Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

2.– Proxecto de Estatística

Os participantes no concurso realizarán un proxecto de Estatística e/ou Investigación de Operacións:

Sobre que tema podo facer o proxecto? O tema é libre e pode estar relacionado con algunha das materias que o alumnado estea a cursar ou ben tratar de un fenómeno cotián.

Que é un proxecto de Estatística e/ou Investigación de Operacións? É o proceso que dá resposta a unha pregunta relevante usando técnicas estatísticas.

Como organizo un proxecto deste tipo? O proxecto debe planificarse tendo en conta tres fases: unha primeira fase de recollida de datos, unha segunda fase de análise estatística e interpretación de resultados e unha terceira de inferencia e conclusións sobre as hipóteses formuladas.

Como podo obter datos? Sempre debemos partir dunha pregunta relevante á que pretendemos dar resposta. Así, os datos que utilizemos poden provir de:

- Unha sondaxe deseñada polos participantes sobre un tema de interese xeral ou de interese polo centro educativo e/ou o seu ámbito. Na planificación da sondaxe debe deseñarse un cuestionario e, a continuación, realizarse.

- Un plan experimental para a obtención de datos primarios, para contrastar unha determinada hipótese, para comparar dous produtos, dous tratamentos, etc.

- Explotación de bases de datos dos institutos oficiais de estatística (EUROSTAT, INE, IGE, etc.) ou doutros organismos e institucións, ás que se pode acceder a través da rede.

3.– Inscripción

Para participar no “Avatar” é necesario cumprimentar o formulario de inscrición que aparece na páxina web do concurso (www.sgapeio.es). A inscrición realizaraa o titor incluíndo os datos do participante ou dos membros do grupo.

A cada traballo presentado asignaráselle un código que deberá ser usado como identificador en posteriores comunicacións coa organización do concurso.

4.– Envío de traballos

Cada participante ou grupo debe enviar o informe do seu proxecto, ao correo electrónico premio@sgapeio.es. No asunto da mensaxe deberase indicar o código de traballo que lle fose asignado.

Os traballos presentados, realizados integramente polos estudantes participantes, deben ser inéditos e orixinais.

5.– Premios

Concederase un premio en cada unha das seguintes categorías:

Categoría A: 1º e 2º de ESO

Categoría B: 3º e 4º de ESO e FP Básica

Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

A cada traballo premiado corresponderalle un diploma para o centro e un agasallo para os estudantes participantes.

Todos os participantes, así como os seus titores, recibirán un diploma que acredite a súa participación no concurso. Ademais os profesores recibirán unha subscripción gratuíta dun ano á nosa Sociedade.

A entrega de premios e diplomas realizarase nun acto público organizado pola SGAPEIO, no que os finalistas presentarán os seus proxectos.

6.– Calendario

Inscrición de traballos:	09/03/2026—23/03/2026
Entrega dos traballos:	09/03/2026—30/03/2026
Fallo do xurado:	04/05/2026—08/05/2026

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es

